

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5075 *Corrección de erros do Real decreto 127/2013, do 22 de febreiro, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais.*

Advertido erro no Real decreto 127/2013, do 22 de febreiro, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 59, do 9 de marzo de 2013, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 22, artigo 47.1.j), liñas cuarta e quinta, onde di: «A través deste portelo único poderase realizar de xeito gratuíto todo o contido no artigo 4.22 dos presentes estatutos.», debe dicir: «A través deste portelo único poderase coñecer de xeito gratuíto todo o contido no artigo 4.22 dos presentes estatutos.».